

CONDENAN A MAPFRE QUE ACUSÓ A UN ACCIDENTADO DE ENRIQUECERSE AL REPARAR SU COCHE

La doctrina del enriquecimiento injusto es una especie de mantra que las compañías de seguros vienen repitiendo insistentemente. En ella se amparan para escatimar indemnizaciones a sus asegurados cuando éstos sufren daños en su vehículo. Se basa en la falaz teoría de que si el valor de reparación del mismo es mucho mayor que su valor de mercado, pagarla resultaría una operación antieconómica para la aseguradora e injustamente beneficiosa para el asegurado. No tienen en cuenta el valor de la prima que el asegurado lleva pagando durante años.

Sin embargo, la Audiencia Provincial de Vigo acaba de sentar un precedente que, hasta donde nos consta, es inédito en nuestro país y viene a suponer un giro sustancial en el tratamiento que en instancias judiciales se aplica al denominado enriquecimiento injusto. El caso es el de un ciudadano cuyo vehículo resultó colisionado por otro, y tenía contratado con la compañía Mapfre un seguro con cobertura de daños propios con franquicia de 600 euros. Los daños del coche fueron reparados por un importe de 6.913 €. Sin embargo, el informe del perito estableció que el valor de mercado del turismo en cuestión era de 2.500 € antes del siniestro, y teniendo en cuenta el importe de la franquicia incluida en el contrato, lo que ofrecía a su asegurado era una indemnización por 1.500 euros. Es decir, casi cinco veces menos de lo que costó la reparación.

Tras la correspondiente demanda presentada contra Mapfre, sentencia a favor del asegurado, posterior recurso y definitiva resolución del tribunal, la aseguradora deberá abonar a su cliente la cantidad de 6.000 euros. Por supuesto, en su recurso, Mapfre se amparó en la recurrente coartada del enriquecimiento injusto. Y la argumentación de la Audiencia de Vigo, en su sentencia 00460/2014, es rotunda e inequívoca: *“el supuesto enriquecimiento del asegurado no carecería de causa, pues existe la contraprestación del pago de la prima, regularmente durante toda la vida del contrato. O por decirlo de otra manera, habría enriquecimiento indebido (...) si por el lógico y progresivo desgaste del vehículo, el asegurado gozase de una paulatina reducción de la prima ordinaria (...) Pero si el tomador está pagando la misma prima de seguro, de limitarse la indemnización al valor de mercado del vehículo asegurado, habría una evidente falta de correspondencia entre el interés asegurado y aquella prima, y a la postre, un palmario enriquecimiento de la compañía de seguros”*.

No debería ser nuevo este razonamiento. Es obvio que ningún vehículo que sufre un accidente incrementa su valor tras ser reparado. Al contrario, se deprecia. Siendo así, en países de nuestro entorno europeo, la indemnización a pagar incluye, además del importe de la reparación, una cantidad adicional para compensar la pérdida de valor del vehículo. Pero no sucede así en España. En el caso que nos ocupa, el asegurado pagaba una prima de seguro de 905,94 € anuales cuando, según la aseguradora, el objeto asegurado tenía un valor de 1.500 euros. Es decir, se le estaba cobrando como prima del seguro más del 50% del valor de su vehículo... cada año.

Como refleja la sentencia, es falso que se produzca un enriquecimiento injusto a costa del seguro cuando se repara el daño. Más bien al contrario, lo que viene produciéndose –y esta, insistimos, es la primera vez que un juez lo ha evitado- es un injusto y antisocial enriquecimiento de las aseguradoras a costa de los asegurados.

Una vez resuelto este caso satisfactoriamente para el usuario, lo que es de esperar es que marque un antes y un después, y desaparezca de una vez esta doctrina de la que han venido abusando las compañías de seguros en España para privar de justas indemnizaciones a sus clientes.



Roj: SAP PO 1386/2014
Id Cendoj: 36057370062014100406
Órgano: Audiencia Provincial
Sede: Vigo
Sección: 6
Nº de Recurso: 147/2013
Nº de Resolución: 460/2014
Procedimiento: CIVIL
Ponente: JUAN MANUEL ALFAYA OCAMPO
Tipo de Resolución: Sentencia

AUD.PROVINCIAL SECCION N. 6PONTEVEDRA

SENTENCIA: 00460/2014

AUDIENCIA PROVINCIAL

SECCIÓN SEXTA

SEDE EN VIGO

CIVIL

Rolo: 147/2013

Procedemento de orixe: Ordinario 460/2012

Órgano de procedencia: Instancia núm. 13 de Vigo

A Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra con sede en Vigo, composta polos maxistrados D. JUAN MANUEL ALFAYA OCAMPO, PRESIDENTE, DÑA MAGDALENA FERNANDEZ SOTO e D. EUGENIO FRANCISCO MIGUEZ TABARES, pronunciou

NO NOME DO REI

a seguinte

SENTENZA NUM. 460

En Vigo, a dezaoito de xullo de dous mil catorce.

VISTOS en grao de apelación, ante a Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra, os autos do xuízo Ordinario 460/2012 procedentes do Xulgado de 1ª Instancia Núm. 13 de Vigo ós que correspondeu o rolo **147/2013**, nos que aparece como parte **apelante e demandado MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.** representada polo/a procurador/a./D.ª Gloria Quintas Rodríguez e asistida do/da letrado/a D./D.ª Adolfo Quiros Echegaray , e **comoparte contra da que se apela e demandante D./D.ª Eliseo** , representada polo/a procurador/a D./D.ª Carmen Vázquez Cueto e asistida do/da letrado/a D./D.ª Carlos Rial Suárez.

É o maxistrado **relator** D. JUAN MANUEL ALFAYA OCAMPO, quen expresa o parecer da Sala.

I. ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: O Xulgado de 1.ª Instancia Núm. 13 de Vigo, con data do 10/1/20127, ditou unha sentenza coa seguinte parte dispositiva:

"Se estima parcialmente la demanda presentada por la Procuradora Dña Carmen Vázquez Cueto en nombre y representación de D. Eliseo contra la entidad MAPFRE Familiar, S.A., representada por la Procuradora Dña Gloria Quinta Rodriguez.

Se condena a la demandada al abono de la suma de 5682,28 euros con los intereses previstos en el artículo 220 de la LCS desde la fecha del siniestro y hasta su completo pago (teniendo en cuenta al respecto la suma en la que se allana la demanda 1500 euros consignada el día 28 de junio de dos mil doce.

No ha lugar a imposición de costas debiendo cada parte abonar las causadas a su instancia y las comunes por mitad.

Segundo: Contra a dita sentenza o/a procurador/a D./D.^a Gloria Quintas Rodríguez, en representación de MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., presentou un recurso de apelación, que foi admitido en ámbolos efectos, consonte o disposto no artigo 455 da Lei de axuízamento civil (LAC).

Logo de cumpri-los trámites legais, eleváronse as presentes actuacións á Audiencia Provincial de Pontevedra e correspondéronlle por quenda de reparto a esta Sección Sexta con sede en Vigo. Sinálase para a deliberación do presente recurso o día 17/7/2014.

Terceiro: Na tramitación desta instancia cumpríronse tódalas prescricións e termos legais.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro : Como antecedentes dignos de mención, de utilidade para resolver a controversia, cómpre sinalar os seguintes: A) Atopámonos ante un seguro suplementario do obligatorio, ou voluntario ou a todo risco, que cubre entre eles os "danos propios" habidos no vehículo asegurado. B) As Condicións Particulares da póliza, chamada "Póliza Líder", establecen como coberturas contratadas "danos ao vehículo con franquicia de 600 euros". C) Ningún límite máximo fixan, por conseguinte, esas Condicións Particulares para os danos propios, a diferenza doutros riscos, cubertos igualmente polo seguro, nos que sí se recollen expresamente uns topos, tales como a Defensa Xurídica "ata 3.010 euros", a Morte "30.000 euros", a Invalidez permanente "ata 24.500 euros", ou a Asistencia médica "ata 30.500 euros". D) Contrariamente, o condicionado xeral da póliza establece -en síntese- no seu artigo 32 un tratamento diferenciado para o caso de perda total do vehículo, entendéndose por tal -se engade- cando o valor de reparación exceda do valor real do vehículo, distinguindo segundo o vehículo teña ao tempo do sinistro menos ou máis dun ano de inmatriculación (dous ou tres anos nas Pólizas Líder, o que resulta intrascendente no suposto axuízado pois o vehículo asegurado tiña moita máis antigüidade), de tal xeito que no primeiro caso a indemnización será do seu valor a novo, mentres que no segundo, de máis de un, ou de tres anos, a indemnización consistirá no valor de mercado. E) Na parte final das Condicións Particulares dise que "serán de aplicación no que afecte aos sinistros e indemnizacións derivados desta Condición Particular as normas dos artigos 31 e 32 das Condicións Xerais da Póliza". F) Igualmente advírtese nese condicionado particular que "o tomador do seguro manifesta que coñece e acepta as cláusulas limitativas dos seus dereitos que... se destacan en letra negriña nas Condicións Xerais". G) Se expresa nese condicionado específico que se entrega ao tomador un exemplar da póliza coa referencia NUM000 , referencia que é a mesma ca da póliza achegada pola aseguradora demandada, póliza que non se atopa asinada polo tomador. H) O mencionado artigo 32 do condicionado xeral da póliza destaca, en letra negriña, a hipótese de perda total do vehículo, así como a solución indemnizatoria alternativa, valor de novo do vehículo-valor de mercado do vehículo. Pois ben, sentadas as anteriores premisas, a discusión céntrase en realidade -dito en resumo- sobre se esta última cláusula, do condicionado xeral, que leva a atender ao valor de mercado do vehículo, para o caso de sinistro total acaecido depois do termo que indica (un, dous ou tres anos), é unha cláusula limitativa dos deritos do asegurado ou, pola contra, delimitadora do risco.

Segundo: Desde logo, a cuestión non resulta pacífica entre os tribunais -mesmo no Tribunal Supremo-, e iso non tanto porque poidan existir atrancos teóricos, para distinguir conceptualmente entre unha e outra modalidade de cláusulas, senón porque, principalmente, resulta de dificultade, moitas veces extrema, na práctica, incardinar a estipulación debatida nunha ou noutra categoría, pola multiplicidade de casos a contemplar. Conseguintemente, a cada suposto concreto temos forzosamente que estar, e incluso á vontade mesma das partes contratantes.

Pois ben, inclinámonos porque a cláusula cuestionada -en esencia, artigo 32 das Condicións Xerais da póliza- ten a condición de cláusula limitativa dos dereitos doa asegurado, e non definidora do risco, polas razóns que pasamos expor.

Primeiramente, e malia a postura vacilante observada pola xurisprudencia, inclinámonos polo criterio apuntado, e que se recolle nas sentenzas de 11 de febreiro e 23 de outubro de 2002 , e 10 de maio e 30 de decembro de 2005 . En efecto, e en distintas e literais expresións desas resolucións " *aq uellas cláusulas mediante las cuales se establece la suma asegurada como cantidad máxima a la cual puede ascender el importe de la indemnización no pueden estimarse comprendidas, sin embargo, dentro de este concepto (de cláusulas limitadoras do risco). Del art. 8 LCS se desprende que en el régimen del contrato de seguro son conceptos distintos la «naturaleza del riesgo cubierto» (art. 8.3 LCS) y la «suma asegurada o alcance de la cobertura» (arts. 8.5 LCS). La fijación de la suma asegurada (elemento esencial de la póliza), cuando se*

establece como una restricción en relación con el alcance o valor real del daño producido por el siniestro, tiene carácter limitativo de los derechos del asegurado, dado que, con arreglo al artículo 27 LCS «la suma asegurada representa el límite máximo de la indemnización a pagar por el asegurador en cada siniestro». Dichas cláusulas, en efecto, restringen el derecho del asegurado a la indemnización una vez que el riesgo objeto del seguro se ha producido. Partiendo de una primera estipulación acomodada a la naturaleza y finalidad propia del seguro concertado, en cuanto prevé que las reparaciones se tasarán con arreglo al valor real, se desvía para introducir... la limitación del valor venal como tope máximo de la indemnización".

A argumentación xurisprudencial anteriormente reseñada vese reforzada, en segundo termo, no suposto examinado, no que as Condicións Particulares do seguro non contemplan aquela cláusula restrictiva da indemnización a favor do asegurado -que consistiría na reparación efectiva do vehículo-, facéndoo soamente as Condicións Xerais. E nesta dobre e contradictoria coxuntura debe darse, obviamente, preferencia a aquelas condicións sobre estas. E non se diga que as Condicións Particulares remítense aos artigos 31 e 32 das Condicións Xerais. Pois sendo certo certo ese reenvío, nin o tomador do seguro admite ter recibido un exemplar desa póliza, nin, en fin, o exemplar achegado ao preito pola compañía de seguros aparece asinado por aquel. En definitiva, e en moi atinada e compartida argumentación da sentenza ditada pola Sección Primeira desta Audiencia Provincial o día 16 de novembro de 2010, "en línea de principio, puede compartirse el razonamiento de la sentencia cuando considera que en el seguro de daños el valor del interés asegurado se fija libremente por las partes, sin que pueda considerarse como limitativa de derechos. Sucede que tal criterio se vió contradicho por las condiciones particulares, donde sin límite alguno se establece que la póliza "a todo riesgo" cubría los daños propios en el vehículo asegurado, sin limitación alguna. En consecuencia, si se trataba de limitar una indemnización quer en el clausulado particular no se sometía a ninguna restricción específica, se estaban restringiendo los derechos del asegurado y la cláusula debió de ser aceptada por escrito, pues las condiciones particulares del contrato prevalecen sobre las generales, como es bien sabido".

Abundaría, en terceiro lugar, na tese da cláusula limitativa dos dereitos do asegurado o feito de que o condicionado particular non exprese restricción nin limitación contitativa, a diferenza doutros riscos, igualmente cubertos, tal como quedou dito, que sí preveen topes indemnizatorios, como os casos de morte, invalidez permanente, defensa xurídica, ou asistencia médica.

E en cuarto e derradeiro lugar, e por se algunha dúbida restase -que non queda-, a mesma esvaeceríase pola propia e explícita declaración das Condicións Particulares, cando se di nelas que o tomador manifesta coñecer e aceptar "as cláusulas limitativas dos seus dereitos que se destacan en letra negra nas Condicións Xerais", e esta forma destacada e nesa cor se establece, precisamente, para o artigo 32, en claro e inequívoco recoñecemento, xa que logo, pola aseguradora, que redacta unilateralmente o clausulado, de que a solución indemnizatoria "do valor de mercado" limita os dereitos da contraparte.

Terceiro: O segundo dos piares no que a aseguradora apelante alicerza a súa pretensión radica na doutrina do enriquecemento inxusto: Se o valor de reparación do vehículo -estase decir- é moito maior que o seu valor venal ou de mercado, a reparación resultaría unha operación antieionómica, e con ela estaríase enriquecer sen causa o asegurado.

A argumentación da parte recurrenhte carece da necesaria consistencia pois: A) En virtude do contrto de seguro de danos o asegurado ten dereito a resarcirse do "dano" sufrido, ou o que é igual, ten dereito a que o obxecto asegurado volva á situación inmediatamente anterior ao sinistro, e iso lógrase, precisa e exactamente, co arranxamento do mesmo. Sempre -claro é- que non haxa melloras, o que neste caso non se contempla. B) O conxeturado enriquecemento do asegurado non carecería de causa, pois existe a contraprestación do pagamento da prima, regularmente durante toda a vida do contrato. Ou por decilo doutro xeito, habería o enriquecemento indevido do asegurado, e o correlativo empobrecemento da aseguradora, se aquel primeiro, por mor do lóxico e progresivo desgaste do vehículo, e da inevitábel perda de valor, gozase, igualmente, dunha paulatina redución da prima orixinaria, nese equilibrio prestacional, normativamente esixido, aínda que relativo, dada a propia natureza aleatoria do contrato de seguro. Pero se o tomador está pagar a mesma prima de seguro, de limitarse a indemnización ao valor de mercado do vehículo asegurado, habería unha evidente falta de correspondencia entre o interés asegurado e aquela prima, e á postre, un palmario enriquecemento da compañía de seguros. En definitiva, a tese da parte apelante sería acollible se se tiver rebaixado progresivamente a prima, en xusta adaptación á diminución de valor do ben asegurado, o que non foi do caso.

Cuarto: As dúbidas xurídicas que se nós presentaron, en unión da falta coincidencia entre os órganos xudiciais sobre se as cláusulas a debate son limitativas dos dereitos do asegurado ou delimitadoras do risco,

lévanos a non facer unha especial declaración sobre as custas procesuais desta alzada (artigos 394 e 398 da L. A. C.).

Por todo o exposto, e pola autoridade que a este Tribunal lle outorgan a Constitución e o pobo español,

DECIDIMOS

Que rexeitamos o recurso de apelación formulado po MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. representado pola procuradora dona GLORIA QUINTAS RODRIGUEZ contra a sentenza ditada polo Xulgado de Primeira Instancia núm. 13 de Vigo o día 10 de xaneiro de 2013, sen facermos unha especial declaración sobre as custas procesuais desta alzada.

Esta é a nosa sentenza, que asinamos, e que se redacta en galego consonte o establecido no art. 3.2 e 3 da Constitución española ; no art. 5.1 , 2 e 3 do Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril ; e nos arts. 1 , 2 , 6.3 , e 7.2 e 3 da Lei 3/1983 , do 15 de xuño, da Comunidade Autónoma de Galicia, de normalización lingüística.

Notifíquelles ás partes a presente resolución.

MODO DE IMPUGNACIÓN : Contra a presente sentenza cabe interpoñer recurso de casación por tratarse dun proceso que presenta interese casacional, sobre a base do establecido no art.º 477 da LEC , debendo interpoñer dentro dos vinte días seguintes á súa notificación na forma establecida no art.º 479 da LEC . Asímesmo cabe interponer recurso extraordinario por Infracción Procesual sobre a base do establecido no art.º 468 da LAC, debendo interponer dentro dos vinte días seguintes a súa notificación na forma establecido no artº 479 da LAC.

Devólvanselle os autos orixinais ó xulgado do que proceden, cun testemuño desta sentenza para o seu coñecemento e cumprimento.

NO TA INFORMATIVA: Conforme á D.A. Décimo quinta da L.O.P.J ., para a admisión do recurso deberase acreditar ter constituído, na conta de depósitos e consignacións deste órgano, un depósito de 50 euros, salvo que o recorrente sexa: beneficiario de xustiza gratuíta, o Ministerio Fiscal, o Estado, Comunidade Autónoma, entidade local ou organismo autónomo dependente.

O depósito deberá constituilo ingresando a citada cantidade no BANCO SANTANDER, sucursal r/ Coruña, na conta deste expediente 0915000012014713, salvo que o recorrente sexa: beneficiario de xustiza gratuíta, o Ministerio Fiscal, o Estado, Comunidade Autónoma, entidade local e organismo autónomo dependente. Se o ingreso se efectúa a medio de transferencia o núm. de conta IBAN é o seguinte: ES55 3569 9200 0500 1274 facendo constar, no campo concepto e observacións no xustificante de ingreso e como concepto o número de conta expediente antes salientado